

AR
QUI
TEC
TU
RA
TÉC
NI
CA

SAPE (Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante)
www.udc.es/sape

Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
<http://euat.udc.es/>

GRAO EN ARQUITECTURA TÉCNICA

Titulación que substitúe

Arquitectura Técnica en Execución de Obras.

(O Consello de Goberno, na súa sesión de 21 de marzo de 2013, aprobou solicitar de forma provisoria o cambio de denominación do título de Graduado/a en Enxeñaría da Edificación polo de Graduado/a en Arquitectura Técnica)

Créditos ECTS

240

Centro onde se imparte

Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
Campus da Zapateira, A Coruña
Tel.: 981 167 000
<http://euat.udc.es/>

Perfil de ingreso

O perfil de ingreso recomendado é o de alumnado de bacharelato na modalidade científico-técnica, cunha boa formación en matemática e física, así como coñecementos básicos de sistemas de representación e unha visión espacial que permita certa facilidade para a representación gráfica técnica de obxectos e pezas sinxelas co obxecto de elaborar bosquexos e manexar e interpretar planos.

Tamén se pode acceder desde os ciclos formativos do Grao Superior en Edificación, dos cales os máis recomendables son os relacionados coa edificación e a obra civil: Desenvolvemento e Aplicación de Proxectos de Construción; Desenvolvemento de Proxectos Urbanísticos e Operacións Topográficas; e Realizacións e Plans de Obras.

O alumnado debe ser práctico, observador, detallista e receptivo. Así mesmo, cómpre que teña boa memoria e capacidade de concentración, de improvisación e de síntese. Ademais debe ser lóxico, analítico, organizado e metódico, e ha de ter capacidade para traballar en equipo e exercer certo liderado.

Distribución de ECTS por tipo de materia

Tipo de materia	Formación básica	Obrigatorias	Optativas (*)	Traballo de Fin de Grao	Créditos totais
Créditos	60	150	18	12	240

*Os créditos optativos realízanse no cuarto curso. As prácticas externas son optativas.

Plan de estudos

PRIMEIRO CURSO

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Matemática I	Básica	6
Física Aplicada I	Básica	6
Materiais I	Básica	6
Xeometría Descritiva	Básica	6
Dereito Privado da Edificación	Básica	6
Matemática II	Básica	6
Física Aplicada II	Básica	6
Expresión Gráfica Arquitectónica I	Básica	6
Construción I	Obrigatoria	6
Economía e Organización de Empresa	Básica	6

SEGUNDO CURSO

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Construción II	Obrigatoria	6
Materiais II	Obrigatoria	6
Expresión Gráfica Arquitectónica II	Obrigatoria	6
Instalacións I	Básica	6
Dereito Público da Edificación	Obrigatoria	6
Materiais III	Obrigatoria	6
Construción III	Obrigatoria	6
Xeometría da Representación	Obrigatoria	6
Estruturas I	Obrigatoria	6
Topografía	Obrigatoria	6

TERCEIRO CURSO

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Equipos, Medios Auxiliares e de Seguridade	Obrigatoria	6
Organización, Programación e Control	Obrigatoria	6
Construción IV	Obrigatoria	6
Proxectos Técnicos I	Obrigatoria	6
Instalacións II	Obrigatoria	6
Estruturas II	Obrigatoria	6
Proxectos Técnicos II	Obrigatoria	6
Dirección, Xefatura e Xestión de Obras	Obrigatoria	6
Patoloxía e Rehabilitación	Obrigatoria	6
Medicións, Orzamentos e Control Económico	Obrigatoria	6

CUARTO CURSO

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Seguridade e Prevención	Obrigatoria	6
Xestión da Calidade, Seguridade e Medioambiente	Obrigatoria	6
Xestión Inmobiliaria, Taxacións e Peritacións	Obrigatoria	6
Estruturas III	Obrigatoria	6
Instalacións III	Obrigatoria	6
Optativa	Optativa	18
Traballo de Fin de Grao	Obrigatoria	12

Oferta de materias optativas

Materia	Créditos ECTS
Inglés Técnico	6
Historia dos Procesos Construtivos na Edificación	6
Métodos Experimentais de Inspección de Estruturas	6
Medicións Acústicas en Edificación	6
Patrimonio Arquitectónico Galego	6
Deseño de Interiores, Xardinaría e Paisaxe	6
Prácticas externas	18

Saídas profesionais

O grao en Arquitectura Técnica habilita para a profesión regulada de arquitecto/a técnico/a. As persoas tituladas afrontan a dirección da execución material das obras de edificación. Abrangue todo o proceso construtivo, o control cualitativo e cuantitativo dos materiais, a construción e a calidade do edificado.

- Ordenar e dirixir a execución de obras de edificación
- Controlar a cantidade e calidade dos materiais das obras
- Outorgar as certificacións necesarias para a construción
- Organizar e xestionar a economía e a seguridade das obras
- Efectuar a dirección técnica e a xestión de empresas construtoras e inmobiliarias
- Realizar controis de calidade

SECTORES

Empresas construtoras, promotoras, de rehabilitación e de proxectos; empresas de fabricación de materiais de construción; consultorías e empresas de asesoramento técnico; decoración e interiorismo; taxacións e peritaxes; inmobiliarias e oficinas técnicas; exercicio libre da profesión; administracións públicas (estatal, autonómica e local); ensino.

FUNCIONS

Xefe/a de obra. Técnico/a de control. Director/a de execución de proxectos. Director/a técnico/a de fabricación, produción e xestión en empresas do sector da edificación e inmobiliarias. Redacción de determinados proxectos técnicos de acordo coa lexislación vixente. Coordinación de seguridade e saúde laboral. Xestión de sistemas de mantemento de edificios. Implementación de sistemas de calidade, seguridade e medio. Planeamento e xestión urbanística. Realización de actividades complementarias de consultoría e asesoramento: informes, ditames, certificacións, peritaxes xudiciais, valoracións, documentos técnicos, inspección técnica de edificios e plans de emerxencia. Persoal técnico funcionario ou laboral nas distintas administracións públicas. Docencia en distintas etapas e modalidades de ensino.